

Xunta Directiva na reunión do día 26/02/2023, DISPÓN a convocatoria de eleccións á Presidencia e Xunta Directiva, con as seguintes precisións:

1º.- O CENSO ELECTORAL será o constituído polos Socios de Pleno Dereito. Enténdese Socio de pleno dereito, ao socio que estea ao día no pago das cotas a data 31/01/2023. En caso dos socios menores de idade, será o titor ou titora legal quen terá dereito a voto.

2º.- As CANDIDATURAS deberán ser presentadas por escrito dirixido ao Club Triatlón Ferrol desde o día da data ata o día 14/03/2023 inclusive. As candidaturas presentaranse en listas pechadas e completas (mínimo 5, máximo 20 membros) especificando o cargo para o que se presenta cada un/unha, con aceptación de cada candidato ou candidata integrados na mesma.

3º.- As RECLAMACIÓNS ás inscricións no Censo Electoral realizaranse por escrito razoado ao Club Triatlón Ferrol, ata o día 20/03/2023 inclusive.

4º.- As CANDIDATURAS serán proclamadas na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para os efectos de elección.

5º.- A MESA ELECTORAL será constituída inmediatamente antes do inicio das votacións. Presidirá o acto electoral e estará formada polos membros de maior e de menor idade, presentes no acto, e actuarán de titulares da Presidencia e Secretaría respectivamente.

6º.-As VOTACIÓNS realizaranse na sede do Club Avda. Castelao s/n citados a tal fin os socios, para o día 23/03/2023 ás 19 horas e ata o termo da votación dos electores presentes no acto. Cada elector depositará un sobre, cunha soa papeleta.

No caso de que existise unha soa candidatura que reúna os requisitos establecidos, os seus compoñentes serán proclamados, Presidente e membros da Xunta Directiva, tras a constitución da Asemblea e sen necesidade de levar a cabo a votación

7º.- Finalizadas as votacións procederase ao escrutinio de votos, que será público, e do que, unha vez realizado, se levantará acta que asinarán os compoñentes da Mesa, na que constarán os representantes elixidos e a continuación farase a proclamación de Presidente e da Xunta Directiva elixida.

8.- Dita Acta quedará inscrita no Libro de Actas do Club Triatlón Ferrol para os efectos que proceda

Ferrol, 26 de febreiro de 2023